

ACORDO do 10 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico, PIA) do proxecto do parque eólico Solpor, nos concellos de Mesía e Ordes (expediente IN408A 2018/26). DOG Núm. 242, 20 de decembro de 2021. Prazo para remitir alegacións: - 03/02/2022

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211220/AnuncioG0596-121221-0002_gl.html

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/parque-eolico/solpor>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico Solpor (expediente IN408A 2018/26)	Green Capital Power, S.L.	Ordes e Mesía (A Coruña)	<ul style="list-style-type: none"> • Cinco (5) aerogeradores de tres pas, modelo N155-4.8MW ou similar, de 4,8 MW de potencia nominal unitaria, altura de buxa de 120 m e diámetro del rotor de 155 m. • Cinco (5) centros de transformación trifásicos con transformador seco para 30 kV, de potencia aparente unitaria 5.350 kVA e relación de transformación 0,69/30 kV, coas súas correspondentes celas metálicas de seccionamento, manobra e protección. • Unha (1) torre meteorolóxica de 122 m de altura (120 m de altura da estrutura da torre máis 2 m de altura do pararraios). • Unha (1) subestación eléctrica transformadora (SET) 132/30 kV con transformador de potencia intemperie, trifásico, en baño de aceite, de potencia 25/30 MVA (ONAN/ONAF) e relación de transformación 132/30 kV. A SET distribúese da seguinte forma: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Parque de 132 kV en intemperie cunha posición de liña-transformador. Inclúiranse os elementos asociados tales como autoválvulas, transformadores de tensión, transformadores de intensidade, seccionador e interruptor automático. ◦ Parque de 30 kV, configuración simple barra, cos conxuntos de celas seguintes: unha cela de protección de transformador de potencia, unha cela de transformador de servizos auxiliares, unha cela de protección de batería de condensadores, dúas celas de protección de liña (circuítos colectores procedentes do parque eólico), celas de seccionamento con posta a terra e medida de tensión en barras. ◦ A SET Solpor disporá dun edificio de control con salas independentes para distintos usos. • O sistema colector de media tensión (MT) está formado por dous circuítos de 30 kV en instalación subterránea e ten como obxecto a canalización da enerxía xerada polas aeroturbinas ata a SET Solpor. O cable utilizado será condutor de aluminio RHZ1-2OL, 18/30 kV, de diferentes seccións (95, 150 e 400 mm²). • A posta a terra da rede de MT está constituída por un cable de cobre espido, de sección mínima 50 mm², tendido ao longo da canalización de MT no fondo da gabia. O sistema de posta a terra será único para a totalidade do parque eólico (PE).

		<ul style="list-style-type: none">• Pola mesma gabiá das citadas liñas de MT instalarase unha rede de comunicacións que utilizará como soporte un cable de fibra óptica monomodo con fibras de 9/125 μm e que se empregará para a monitorización e control do PE.• Proxéctase a instalación dunha liña aérea de alta tensión (LAAT) 132 kV Solpor, de simple circuíto e 709,57 m de lonxitude, para a evacuación da enerxía xerada no parque e a súa conexión á rede de distribución. Esta liña partirá do pórtico da SET Solpor e finalizará no apoio 22 da liña de alta tensión 132 kV SET PE Gasalla-SET colectora Mesón do Vento 132/220 kV. Esta última liña é tramitada polo mesmo promotor, pero forma parte dun proxecto independente (expediente IN 408A 2020/167, en estado de tramitación).• Na SET colectora Mesón do Vento 132/220 kV elevarase a tensión a 220 kV para evacuar conxuntamente cos demais parques do clúster, a través dunha liña de 220 kV, ata o punto de conexión á rede de transporte en SET Mesón do Vento 220 kV, propiedade de REE, actualmente en servizo. Todas estas infraestruturas non forman parte do presente proxecto.
--	--	---